

ESTATUTOS DA ASOCIACION DIVERSIDADES

CAPITULO I

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E AMBITO:

Artigo 1. Coa denominación de ASOCIACION DIVERSIDADES, se constitúese unha entidade ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2. Esta asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3. A existencia desta asociación ten como fins:

- Promover o recoñecemento da diversidade cultural e dos dereitos fundamentais das persoas no marco da diversidade cultural.
- Atender ás necesidades sociais das persoas que pertencen a minorías culturais, tanto nacionais como de procedencia estranxeira.
- Promover a inclusión social, especialmente en contextos comunitarios.
- Fomentar a inserción laboral dos colectivos con dificultades no emprego, a través, entre outros medios, da orientación laboral, a formación para o emprego, a intermediación no mercado de traballo, o acompañamento no posto de traballo no período de adaptación e a promoción da economía social.
- Facilitar a participación social e a mobilización dos recursos e enerxías das persoas para resolver os seus problemas, especialmente da xente nova e das persoas e colectivos considerados como non produtivos.
- Procurar a autonomía e a libre determinación de cada persoa en contextos de diversidade cultural.
- Reforzar a toma de decisións e de responsabilidades das mulleres nos diferentes contextos sociais e culturais, atendendo á perspectiva de xénero, dando prioridade ás vítimas da violencia e a aquelas que carecen de redes de proximidade que lles sirvan de apoio.
- Favorecer a plena participación social das persoas con diversidade funcional, incluíndo as persoas xordas, mediante a formación de profesionais, a mediación para a comprensión da linguaxe de signos e a adquisición da lingua de signos por parte do conxunto da sociedade, dando prioridade ao ámbito escolar.
- Loitar contra a discriminación en razón de relixión, nacionalidade, cultura, crenzas ou calquera outra forma de exclusión.
- Promover a cultura da paz, da convivencia e da resolución pacífica dos conflitos.

Artigo 4. Para o cumprimento destes fins realizaranse, entre outras, as seguintes actividades:

- Accións de fomento da educación, tanto no ámbito formal como no non-formal e o informal, incluíndo a educación social en ámbitos de carácter comunitario.

- Accións de formación e capacitación, tanto en habilidades básicas e habilidades sociais, como en competencias básicas, a adquisición de diferentes linguas, incluíndo a lingua de signos, a formación en competencias transferibles e en competencias profesionais, incluíndo a certificación da experiencia e as diferentes formas de colaboración entre o tecido produtivo e os sistemas educativos e profesionais.
- Accións de coñecemento entre colectivos culturais, de recoñecemento da diversidade cultural e de promoción da convivencia.
- Accións de inserción laboral.
- Accións de fomento da igualdade de trato e de oportunidades.
- Accións para superar as barreiras de xénero, desde a violencia ata os estereotipos sociais.
- Accións para superar as barreiras de comunicación existentes entre persoas e entre colectivos sociais e culturais.
- Accións de loita contra a exclusión social e de inclusión social activa.
- Accións de desenvolvemento comunitario e de empoderamento das persoas.
- Accións de formación dos profesionais, incluíndo aos de educación, sanidade e servizos sociais.
- Accións de estudos, de investigación e de avaliación das políticas e das liñas de acción encamiñadas á mellora da convivencia e da inclusión social de persoas e colectivos en situación de exclusión ou discriminación.
- Accións de promoción da cultura da paz, da mediación social e a mediación intercultural.

Artigo 5. A Asociación establece o seu domicilio social en Vigo, R/Velázquez Moreno, nº9, Oficina 313, localidade de Vigo, provincia de Pontevedra, CP. 36201 e o seu ámbito territorial onde vai realizar principalmente as súas actividades é a Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPITULO II ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN

Artigo 6. A Asociación Diversidades será xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por: un/ha Presidente/a, un/ha Secretario/a, un/ha tesoureiro/a e tres vocais representando á vocalía de muller, á vocalía de xuventude e á vocalía de diversidade funcional.

Todos os cargos que compoñen serán designados e revocados pola Asemblea Xeral Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de dous anos.

Artigo 7. Estes poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tivesen encomendadas e por expiración do mandato.

Artigo 8. Os membros da Xunta Directiva que esgoten o prazo para o que foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento en que se produza a aceptación de quen os substitúen.

Artigo 9. A Xunta Directiva reunirase tantas veces o determine o seu Presidente e a iniciativa ou petición de dous dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. En caso de empate, o voto do Presidente será de calidade.

Artigo 10. Facultades da Xunta Directiva: As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral a todos os actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter a aprobación da Asemblea Xeral os Balances e as Contas anuais.
- d) Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- e) Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de socios.

Artigo 11. O Presidente terá as seguintes atribucións: Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados; convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e maila outra; ordenar pagos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Artigo 12. O Secretario terá a cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os libros da asociación que sexan legalmente establecidos e o ficheiro de asociados, e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais obxecto de inscrición aos Rexistros correspondentes, así como a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigacións documentais nos termos que legalmente correspondan.

Artigo 13. O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente.

Artigo 14. Os Vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, e así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que lles encomende a propia Xunta.

Artigo 15. As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre os devanditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral Extraordinaria.

CAPITULO III ASEMBLEA XERAL

Artigo 16. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno a Asociación e estará integrada por todos/as os/as asociados/as.

Artigo 17. As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase unha vez ao ano dentro do catro meses seguintes ao peche do exercicio; as extraordinarias celebraranse cando o aconsellen as circunstancias, a xuízo do Presidente, cando o acorde a Directiva ou cando o propoña por escrito unha décima parte dos asociados.

Artigo 18. As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. A convocatoria pode realizarse por correo electrónico, solicitando confirmación de lectura do mesmo aos/ás convocados/as. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea en primeira convocatoria haberán de mediar polo menos dez días, podendo así mesmo facerse constar se procedese a data e hora en que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a unha hora.

Artigo 19. As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela un terzo dos asociados con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados con dereito a voto.

Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a) Nomeamento das Xuntas directivas e administradores.
- b) Acordo para constituír unha Federación de asociacións ou integrarse nelas.
- c) Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.
- d) Modificación de estatutos.
- e) Disolución da entidade.

Artigo 20. Son facultades da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar as Contas anuais.
- c) Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva en orde ás actividades da Asociación.

- d) Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.
- e) Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea Extraordinaria.
- f) Acordar a remuneración, no seu caso, dos membros dos órganos de representación.

Artigo 21. Corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Nomeamento dos membros da Xunta Directiva.
- b) Modificación dos Estatutos.
- c) Disolución da Asociación.
- d) Expulsión de socios, a proposta da Xunta Directiva.
- e) Constitución de Federacións ou integración nelas.

CAPITULO IV SOCIOS

Artigo 22. Poderán pertencer á Asociación aquelas persoas con capacidade de obrar que teñan interese no desenvolvemento dos fins da Asociación.

Artigo 23. Dentro da Asociación existirán as seguintes clases de socios:

- a) Socios fundadores, que serán aqueles que participen no acto de constitución da Asociación.
- b) Socios de número, que serán os que ingresen despois da constitución da Asociación.
- c) Socios de honra, os que polo seu prestixio ou por contribuír de modo relevante á dignificación e desenvolvemento da Asociación, fáganse acredores a tal distinción. O nomeamento dos socios de honra corresponderá á Asemblea Xeral.

Artigo 24. Os socios causarán baixa por algunha das causas seguintes:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por incumprimento das obrigacións económicas, se deixase de satisfacer as cotas periódicas.

Artigo 25. Os socios de número e fundadores terán os seguintes dereitos:

- a) Tomar parte en cantas actividades organize a Asociación en cumprimento dos seus fins.
- b) Gozar de todas as vantaxes e beneficios que a Asociación poida obter.
- c) Participar nas Asembleas con voz e voto.
- d) Ser electores e elixibles para os cargos directivos.
- e) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- f) Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva en orde ao mellor cumprimento dos fins da Asociación.

Artigo 26. Os socios fundadores e de número terán as seguintes obrigacións:

- a) Cumprir os presentes Estatutos e os acordos válidos das Asembleas e a Xunta Directiva.
- b) Abonar as cotas que se fixen.
- c) Asistir ás Asembleas e demais actos que se organicen.

d) Desempeñar, no seu caso, as obrigacións inherentes ao cargo que ocupen.

Artigo 27. Os socios de honra terán as mesmas obrigacións que os fundadores e de número fóra das previstas nos apartados b) e d), do Artigo anterior.

Así mesmo, terán os mesmos dereitos fóra dos que figuran nos apartados c) e d) do Artigo 25, podendo asistir ás asembleas sen dereito de voto.

Artigo 28. Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas de socios, periódicas ou extraordinarias.
- b) As subvencións, legados ou herdanzas que puidese recibir de forma legal por parte dos asociados ou de terceiras persoas.
- c) Calquera outro recurso lícito.

Artigo 29. O Patrimonio Fundacional ou Fondo Social da Asociación é de 150€.

Artigo 30. O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

CAPITULO VI DISOLUCIÓN

Artigo 31. A Asociación Diversidades disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada a tal efecto, por unha maioría de 2/3 dos asociados.

Artigo 32. En caso de disolución, será nomeada unha comisión liquidadora que, unha vez extinguidas as débedas, e se existise sobrance líquido destinarao para fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa dando prioridade á loita contra a exclusión social e á promoción da igualdade de oportunidades, especialmente en materia de xénero e de diversidade cultural.

DISPOSICION ADICIONAL

En todo o que non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

DILIXENCIA FINAL:

Estes estatutos inclúen a modificación dos artigos 3, 4, 5 e 6 dos estatutos fundacionais, consonte ao aprobado na Asemblea Xeral extraordinaria do 31 de agosto de 2015.

En Vigo, a 31 de agosto de 2015